

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 1 de agosto de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D^a. Olga Alonso Suárez

NON ASISTEN:

D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás once horas e corenta minutos do día un de agosto de dous mil catorce de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(850).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Ratifícase a urxencia por todos os presentes.

2(851).- DESESTIMENTO NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA O ALLEAMENTO DE 126 VEHÍCULOS DEPOSITADOS NA AVDA. DE MADRID E CHATARRA DIVERSA PROCEDENTE DO PARQUE CENTRAL DE SERVICIOS. EXPTE. 4880/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 31/07/2014, da xefa do servizo conformado polo concelleiro-delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar o desistimento no procedemento aberto para o alleamento de 126 vehículos depositados na avenida de Madrid e chatarra diversa procedente do Parque central de servizos (expediente 4880-241).

Segundo.- Iniciar un novo procedemento para o alleamento dos elementos citados no apartado anterior.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ós licitadores que teñan presentado oferta neste procedemento.

3(852).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DO TERREO DE XOGO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 13254/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico e de fiscalización de datas 21 e 24/07/14, respectivamente, de conformidade co informe-proposta de data 29/07/14 do director deportivo do IMD conformado polo concelleiro de Deportes e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de mantemento e conservación do terreo de xogo de céspede natural do Estadio Municipal de Balaídos

Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares que determinan as condicións que rexerán no contrato para a execución dos servizos de mantemento e conservación do terreo de xogo de céspede natural do Estadio Municipal de Balaídos, redactado polo Director Deportivo, Xefe da Unidade Técnica de data 8 de xullo de 2014.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado con data 28 de xullo de 2014.

Cuarto.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 41.140,00 €, sendo o importe correspondente o IVE (21%) de 7.140,00 €.

Dito importe deberá ser de aplicación ao créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida 3410.210.00.00 "Contrato mantemento C. Xogo Balaidos", a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado, coa seguinte distribución anual:

Anualidades	Importe sen ive	IVE	Importe con IVE
2014	13.600,00 €	2.856,00 €	16.456,00 €
2015	20.400,00 €	4.284,00 €	24.684,00 €
	34.000,00 €	7.140,00 €	41.140,00 €

O valor estimado do contrato establece en 40.800,00 €.

Quinto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

4(853).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DAS PISCINAS DE BARREIRO E FLORIDA - IPC INTERANUAL. EXPTE. 13214/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 07/07/14 e visto o informe-proposta de data 08/07/2014, do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro-delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Arquivar o expediente 12403-333 relativo á revisión de tarifas para o período abril 2012-abril 2013, xa que non se tramitou no seu día por orde do concelleiro-delegado de Deportes e a dita revisión xa se inclúe no expediente actual.

Segundo.- Autorizar a revisión das tarifas pola entrada e uso así como polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa clausula nº 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2012/abril 2014, fixada no 1.80 %.

Terceiro.- As tarifas esixibles aos usuarios, en virtude do establecido no parágrafo precedente, axustaranse por redondeo ao alza ou á baixa ao máis cercano múltiplo da fracción 5/100.

Cuarto.- Aprobar a nova táboa de tarifas para os servizos que se prestan nas piscinas de Florida e Barreiro, segundo o estipulado no anexo I que figura no expediente.

5(854).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE 3 SUBALTERNOS, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES, PARA O SERVIZO DE CONSERXERÍA. EXPTE. 25476/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.07.14, de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 23.07.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, e informe aclaratorio do devandito técnico, de data 31.07.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Subalternos/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Conserxería, contidas no escrito de data 8 de xullo de 2014 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de

40.583,34€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionario/as interinas por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D^a. ISABEL GONZÁLEZ SÁNCHEZ, DNI 36.151.568-F, D^a. TERESA SÁNCHEZ CARRASCO, DNI 07.837.404-Q e, D. JESÚS ANGEL VILLAMOR ÁLVAREZ, DNI 36.136.096-J, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Subalterno/a, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155, ordenanza-porteiro/a, sendo adscritos/as ao Servizo de Conserxería (cód. 201).

Cuarto.- A xornada laboral dos traballadores nomeados desenvolverase en horario de mañán ou de tarde según as necesidades do Servizo de Conserxería.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

6(855).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE UN AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 2 MESES, PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 25308/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31.07.14, de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 30.07.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, e informe aclaratorio do devandito técnico, de data 31.07.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun funcionario interino por acumulación de tarefas, como Auxiliar de administración xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de dous meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, contidas no escrito de data 14 de xullo de 2014 e, en consecuencia, autoriza-

lo gasto por importe de 3.582,54€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas como auxiliar de administración xeral por un periodo máximo de dous meses, á D. RUBÉN CARRERA PÉREZ, DNI 36.174.579-H, aspirante que superou tódolos exercicios da oposición nas derradeiras convocatorias para a provisión de prazas de Auxiliar/Administrativo/a de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2008 e 2010, de conformidade coas bases xerais das mesmas.

Terceiro.- Dispoñer que o nomeamento indicado realizárase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurra o periodo de dous meses, dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-Auxiliar, sendo adscritas ao Servizo de Benestar Social (cód. 301).

Cuarto.- Establecer que a xonada laboral do funcionario nomeado polo periodo de dous meses desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá -07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, sin por requerimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

7(856).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUNHA SUBALTERNA, POR UN PERÍODO DE 6 MESES, PARA O SERVIZO DE PATRIMONIO HISTÓRICO. EXPTE. 25478/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.07.14, de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 23.07.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, e informe aclaratorio do devandito técnico, de data 31.07.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Subalterno/a, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades do Servizo de Patrimonio Histórico, contidas

no escrito de data 14 de xullo de 2014 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 10.256,10€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear como funcionario/as interinas por acumulación de tarefas por un periodo máximo de seis meses, a D^a. SUSANA VEGA PRIETO, DNI 46.840.215-W seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Subalterno/a, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155, ordenanza-porteiro/a, sendo adscritos/as ao Servizo de Patrimonio Histórico (cód. 413).

Cuarto.- A xornada laboral da traballadora nomeada desenvolverase de luns a domingo, en xornada partida, en horario de mañán e tarde, según ás necesidades do Servizo que garantan ós seus periodos de descanso regulamentarios.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

8(857).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL, POR PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES, PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 25505/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31.07.14, de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 30.07.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, e informe aclaratorio do devandito técnico, de data 01.08.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Auxiliar de administración xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, contidas no escrito de data 22 de xullo de 2014 e, en

consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 3.428,48€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear como funcionaria interina por acumulación de tarefas como auxiliar de administración xeral, por un periodo máximo de seis meses, á, D^a. OLGA GONZÁLEZ ARIAS, DNI 36.088.051-Q, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Auxiliares de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Dispoñer que o nomeamentos indicado realizárase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-Auxiliar, sendo adscrita ao Servizo de Benestar Social (cód. 301).

Cuarto.- Establecer que a xonada laboral da funcionaria nomeada desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do servizo fose necesario.

9(858).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA PRAZA DE MARTÍNEZ GARRIDO (ENTRE O CAMIÑO DOS MEDEIROS E O CAMIÑO SOBREIRO NO CALVARIO). EXPTE. 2517/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29/07/14 e de acordo co informe-proposta de data 31/07/14 do xefe do servizo conformado polo concelleiro-delegado de área e pola concelleira de Facenda e fiscalizado pola Intervención o 01/08/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto “HUMANIZACIÓN DA PRAZA DE MARTÍNEZ GARRIDO (ENTRE O CAMIÑO DOS MEDEIROS E O CAMIÑO SOBREIRO NO CALVARIO)”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado con data 17 de xullo de 2014.

Terceiro.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 290.000 € dos que 50.330,58 € corresponden o IVE, con cargo a partida 1550.619.00.66 “Humanización Praza Martínez Garrido.

Cuarto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

10(859).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME DE DIVERSAS RÚAS DO CASCO URBÁN”, POLA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE “REFORZO DA CAPA DE RODADURA NO FIRME DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ”. EXPTE. 71799/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 28.07.14, conformado pola técnica de xestión da Área de Fomento e polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

MEMORIA

Con data 10 de decembro de 2013 a Xunta de Goberno Local acordou adjudicar o contrato de “Reforzo da capa de rodadura do firme de diversas rúa do casco urbano” á mercantil “MISTURAS, S.A.” Expte: 2021/440.

As obras corresponden a 13 diferentes proxectos, polos importes que se reflicten no cadro que segue:

CALLE	PRESUPUE STO BASE DE LICITACIÓN IVA INCLUIDO	BAJA	PRESUPUE STO DE ADJUDICACI ON IVA INCLUIDO
CACHAMUIÑA	44.366,72	23,46%	33.958,29
CARACAS	21.683,39	23,46%	16.596,47
DON QUIJOTE	7.250,77	23,46%	5.549,73
GERONA	25.630,28	23,46%	19.617,41
HERACLIO BOTANA	5.838,42	23,46%	4.468,73
JOSÉ FRAU	11.823,94	23,46%	9.050,04
TÚNEL PLAZA DE AMÉRICA	35.342,72	23,46%	27.051,32
RICARDO PORTELA	17.480,01	23,46%	13.379,20
SAN AMARO	49.169,06	23,46%	37.634,01
SERGIO SABORIDO	7.455,09	23,46%	5.706,12
TOMÁS PAREDES	77.375,85	23,46%	59.223,47
PAZ	49.178,05	23,46%	37.640,88
JUAN RAMÓN JIMÉNEZ	28.478,66	23,46%	21.797,57
TOTAL CONTRATO	381.072,95	23,46%	291.673,25

As obras contempladas no proxecto da rúa Juan Ramón Jiménez, tiñan prevista a execución de beirarrúas:

Pola marxe dereita descendente: a base de estendido e compactación de zahorra sobre a explanada existente e formación do pavimento cunha capa de formigón sobre a zahorra estendida.

Pola marxe esquerda: recrecido da beirarrúa existente cunha nova capa de formigón sobre a xa existente.

O motivo de prever a nova beirarrúa sobre a explanada existente é que a Rúa Juan Ramón Jiménez atópase dentro dun ámbito de respecto de elementos arqueolóxicos contemplado no vixente P.X.O.U, e pretendía non realizarse remoción de terras.

Non obstante, as rasantes resultantes obrigan ao rebaixe da explanada na beirarrúa da dereita nuns 25 centímetros e a retirada dunha zona de lastro existente na beirarrúa da esquerda.

Por outra banda e ao ser necesario a remoción de terras para a execución da beirarrúa, considérase conveniente a implantación de tres sumidoiros para recollida de augas pluviais, non contempladas no proxecto orixinal, e a súa conexión coa rede de pluviais da Rúa Jacinto Benavente. Así mesmo considérase axeitado realizar un mellor acabado das beirarrúas mediante o fresado mecánico.

Para a execución destas unidades de obra debe solicitarse autorización á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Isto motivou, que a dirección facultativa das obras ordenara a paralización das mesmas nesta rúa con data 24 de xuño.

Para a solicitude anteriormente sinalada así como o feito de que as ditas unidades de obra non estaban contempladas no proxecto orixinal, é necesario a redacción dun proxecto modificado da Rúa Juan Ramón Jimenez de acordo co previsto no artigo 234 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

As FEC do contrato establecen no seu punto 15 que non se contempla a modificación do contrato.

O Real Decreto Lexislativo 3/2011 antes citado, no seu artigo 107, establece que as modificacións non previstas nos pregos ou no anuncio de licitación, só poderán efectuarse cando se xustifique suficientemente a concorrencia dalgunha determinadas circunstancias. Entre outras no apartado b), cita unha das posible causas a inadecuación do proxecto consistente en circunstancias de tipo arqueolóxico.

O caso que nos ocupa, como xa se expuxo anteriormente, responde a unha circunstancia deste tipo, xa que ao redactar o proxecto tratouse de evitar remocións de terra para evitar afeccións de tipo arqueolóxico, aínda que ao realizar nas obras lixeiras variacións das rasantes previstas, obriga ao rebaixe do terreo na franxa de beirarrúa esquerda de 25 cm.

A modificación do contrato non alterará condicións esenciais de licitación e adxudicación e limitarase a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria xa que:

- A modificación non varía substancialmente a función e características esenciais da presentación inicialmente contratada.*

- A modificación non altera a relación entre a prestación contratada e o prezo, tal e como esa relación quedou definida polas condicións da adxudicación.
- Para a realización da prestación modificada non é necesaria unha habilitación profesional diferente da esixida para o contrato inicial ou unhas condicións de solvencia substancialmente distintas.
- As modificación do contrato non exceden en máis ou en menos do 10 % do prezo de adxudicación do contrato.
- De coñecerse previamente a modificación non terían concorrido ao procedemento de adxudicación outros interesados nin os licitadores que tomaron parte no mesmo tiveran presentado ofertas substancialmente diferentes ás formuladas.

As novas unidades de obra da Rúa Juan Ramón Jiménez e os seus prezos unitarios contraditorios para a redacción do proxecto modificado desta rúa indícanse a continuación.

Para a súa elaboración foron tidos en conta os presos elementais que serviron de base para a elaboración dos prezos dos proxectos orixinais.

JUAN RAMON JIMENEZ		
Ud	Descrición de la unidade	Prezo unitario euros
M2	LEVANMIENTO DE ADOQUIN	3,65
M2	DEMOLICION Y REPOSICION DE TERRAZO ACERA	62,08
M2	DEMOLICION FIRME DE AGLOMERADO ASFALTICO	24,75
M2	FRESADO DE FIRME	1,93
M3	EXCAVACION EN ZANJA	8,77
ML	COLECTOR 250 SN4	48,68
UD.	CONEXIÓN COLECTOR A RED EXISTENTE	155,84
UD.	SUMIDERO SIFONICO	380,00
M3	DE RELLENO DE ZANJA	4,40
M2	PULIDO DE PAVIMENTO DE ACERAS DE HORMIGON	11,01
Ud	RESTAURACION DE ARQUETAS EN ACERA	120,00

No cadro que segue indícanse comparativo do orzamento de adxudicación, o orzamento estimado do proxecto modificado de Juan Ramón Jimenez afectado pola baixa de adxudicación. Todo elo co IVE incluído.

CALLE	PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN IVA INCLUIDO	COEFICIENTE BAJA DE ADJUDICACION	PRESUPUESTO ADJUDICACION IVA INCLUIDO	PROYECTO MODIFICADO	ADICIONAL LIQUIDO IVA INCLUIDO
JUAN RAMÓN JIMÉNEZ	28.478,66	23,46%	21.797,57	33.254,00	11.456,43

O proxecto orixinal ten un orzamento base de licitación de 28.478,66 euros IVE incluído, no proxecto modificado o orzamento base de licitación estimado ascende a cantidade de 33.254,00

euros IVE incluído, polo que o orzamento adicional líquido supón a cantidade de 11.456,43 euros.

As obras, excepto na Rúa Juan Ramón Jiménez, están practicamente rematadas, polo que pode facerse unha estimación moi aproximada do custo final.

No cadro que segue indícanse comparativos dos orzamentos de adxudicación, o custo estimado das obras rematadas e o orzamento do proxecto modificado de Juan Ramón Jimenez afectado pola baixa de adxudicación. Todo elo co IVE incluído.

CALLE	PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN IVA INCLUIDO	COEFICIENTE BAJA DE ADJUDICACION	PRESUPUESTO ADJUDICACION IVA INCLUIDO	VALORACION FINAL OBRAS PRECIOS DE ADJUDICACION Y PRESUPUESTO DEL MODIFICADO DE JUAN RAMON JIMENEZ (AFECTADOS POR LA BAJA) IVA INCLUIDO	ADICIONAL LIQUIDO IVA INCLUIDO
CACHAMUIÑA	44.366,72	23,46%	33.958,29	30.871,29	-3.086,99
CARACAS	21.683,39	23,46%	16.596,46	14.444,46	-2.152,00
DON QUIJOTE	7.250,77	23,46%	5.549,74	1.055,70	-4.494,04
GERONA	25.630,28	23,46%	19.617,41	9.982,91	-9.634,51
HERACLIO BOTANA	5.838,42	23,46%	4.468,73	4.443,16	-25,57
JOSÉ FRAU	11.823,94	23,46%	9.050,04	7.296,79	-1.753,25
TÚNEL PLAZA DE AMÉRICA	35.342,72	23,46%	27.051,32	25.560,94	-1.490,38
RICARDO PORTELA	17.480,01	23,46%	13.379,20	14.646,48	1.267,28
SAN AMARO	49.169,06	23,46%	37.634,00	35.054,45	-2.579,55
SERGIO SABORIDO	7.455,09	23,46%	5.706,13	5.880,60	174,47
1TOMÁS PAREDES	77.375,85	23,46%	59.223,48	52.423,78	-6.799,69
PAZ	49.178,05	23,46%	37.640,88	30.677,78	-6.963,10

				PROYECTO MODIFICDO	
JUAN RAMÓN JIMÉNEZ	28.478,66	23,46%	21.797,57	33.254,00	11.456,43
TOTAL CONTRATO	381.072,95		291.673,24	265.592,34	-26.080,90

Os menores custos producidos débéronse a diferentes motivos.

Así, nas rúas Gerona e D. Quijote, realizouse unicamente parte da obra prevista por terse decidido trala contratación do presente contrato, a humanización de tramos destas rúas.

Nas restantes rúas, a medición real executada foi inferior á prevista nos proxectos fundamentalmente na unidade de obra de fresado de firmes. No caso da Rúa Juan Ramón Jiménez figura no cadro da columna "EXECUTADO IVE INCLUIDO", a cantidade do proxecto modificado.

Como pode apreciarse no cadro anterior o orzamento de adxudicación do LOTE de 291.673,25 euros é superior ao custo de execución do LOTE incluíndo o orzamento do proxecto modificado da Rúa Juan Ramón Jimenez, 265.592,34€; ámbalas dúas cantidades IVE incluído, polo que o dito Proxecto modificado non supón incremento orzamentario do contrato, que ao seu remate estimase en 26.080,90 € por debaixo do orzamento de adxudicación.

Polo exposto sométese a consideración da Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte acordo:

Primeiro.- Estimar a paralización das obras, exclusivamente na rúa Juan Ramón Jiménez, coa data da orden de paralización cursada pola dirección facultativa de 24 de xuño de 2014.

Segundo.- Autorizar o inicio de expediente de modificación do contrato de execución das obras de "Reforzo da capa de rodadura do firme de diversas rúas do casco urbano", pola modificación do proxecto de "Reforzo da capa de rodadura do firme da Rúa Juan Ramón Jiménez" adxudicadas á mercantil "MISTURAS S.A".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás doce horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

rs/me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.